

6 *Editorial*

‘Entre a norma e a excepción’

A utilización académica da historia é fundamentalmente conservadora, pois a función esencial de atopar o pasado de algo é permitir a súa supervivencia [...] O que eu tento, pola contra, é mostrar a imposibilidade de todo isto. As historias que eu fago non son explicativas, nunca amosan a necesidade de algo, senón máis ben a serie de engranaxes mediante as cales se produce o imposible e a historia reconduce o seu propio escándalo, o seu propio paradoxo, até o presente. Interésame particularmente todo o irregular, todo o que de arriscado e de imprevisible poida haber nun proceso histórico.

Roger-Pol Droit. *Michel Foucault, entretiens*. Paris, Éditions Odile Jacob, 2004.

A preocupación pola escritura da historia constitúe un dos principais trazos definidores da traxectoria dos Grupos de investigación radicados na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Ademais dos proxectos encamiñados a establecer os fundamentos teóricos e metodolóxicos dunha Historia Comparada das Literaturas na Península Ibérica, dirixidos por Fernando Cabo Aseguinolaza e culminados nos volumes homónimos da editorial John Benjamins, dende o ano 2009 a Facultade asistiu á constitución do Núcleo de Estudos para a Innovación da Historia Literaria Galega (NEIHLG), grupo de traballo integrado por Lorena Domínguez, Isaac Lourido, Mario Regueira e Arturo Casas.

Nese mesmo ano, algúns destes investigadores participaron nun panel titulado ‘Teoría da Historia e Historia da Literatura’, presentado no IX Congreso Internacional da Asociación Internacional de Estudos Galegos, e no que participei como coordinadora. O panel presentouse ante nós como unha ocasión para poñer a proba algúns dos presupostos que permitiran articular e difundir socialmente diversas liñas de traballo en curso sobre a historiografía literaria. O debate que sucedeu aos relatorios puxo de relevo que, malia a todas as elexías en torno á pretendida fin da historia, o coñecemento historiográfico seguía gozando dun considerable impacto social. A sesión permitiu constatar, ademais, a existencia dun certo desaxuste entre a razón historiográfica -tal e como é caracterizada ou procurada polos investigadores e investigadoras- e as demandas que adoitan facérselle á historia da literatura, entendida como práctica socialmente relevante en termos da institucionalización e lexitimación dos repertorios culturais.

Este monográfico da revista *Galicia 21: Journal of Contemporary Galician Studies* ofrece o resultado dalgunhas das investigación iniciadas ao fío daquel panel. Pero o tempo transcorrido dende entón, os avances no campo de coñecemento e, moi especialmente, o xurdimento de novas redes de investigación e procesos de intercambio entre grupos aconsellaban non limitar o alcance da publicación a aquelas primeiras achegas. No curso do traballo, resultou fundamental a incorporación do Grupo Galabra, sobre todo no que atinxe á análise dos vínculos entre a historia da literatura e a planificación sistémica, exemplificado na achega de Cristina Martínez Tejero. Mais un panorama completo das tendencias contemporáneas no estudo historiográfico tamén requiría prestar atención aos estudos procedentes das Universidades non

galegas. Neste sentido resultou moi relevante o artigo de Kirsty Hooper, da Universidade de Warwick. O seu traballo permite testemuñar o impacto da crecente internacionalización da historia literaria en Galicia, proceso no que a investigadora inglesa leva participando dende hai anos.

Os capítulos que integran este monográfico comparten a vontade de achegar ferramentas que permitan comprender, en toda a súa complexidade, a significación dos procesos de construción historiográfica. Para iso faise preciso atender non só ao estudo crítico dos *grandes relatos*, senón tamén, como recoñecía Michel Foucault na súa conversa con Roger Pol-Droit, á 'serie de engranaxes mediante as cales se produce o imposible'. Pois unha das cuestións que este número monográfico permite poñer de relevo é que, ao ser a propia historiografía literaria un proceso de natureza histórica, sempre chega ao presente baixo a forma dunha tensa elaboración. Pensar a historia significa rescatar tamén as outras historias que existiron pero que non se impuxeron e comprender, á fin, que o pasado -ese país estranxeiro- é un territorio tan polémico como poida selo o presente.

María do Cebreiro Rábade Villar
Universidade de Santiago de Compostela

